

VIII *Certame Literario*

Concello de Paradela

Premios poesía e narrativa

*Manuel-Orestes
Rodríguez-López*

VIII
*Certame
Literario*
Concello de Paradela

Premios poesía e narrativa

*Manuel-Orestes
Rodríguez-López*

Así tamén era coñecido entre os veciños do municipio de Paradela Manuel O. Rodríguez López e, desde logo, que ten ben acreditado o oficio, destacando como gran cronista e por suposto bo narrador. Isto non o digo en balde, as hemerotecas non minten e o seus libros en narrativa tampouco (Reencontro coa Aldea, Galegos en Catalunya I e II, Viaxes con Anxel Fole, Festa da Virxe das Dores en Paradela, etc.).

Era habitual a imaxe de M.R.L coa súa cámara de fotos e o magnetófono ó ombreiro, coa libreta e o seu “parker” nas mans e, case sempre, falando co máis vello do lugar, co crego, ou con calquera persoa que poidese nutrir os seus desexos por mellorar o futuro. Percorrendo Galicia, os recunchos máis esquecidos ou paraxes e lugares históricos, acompañado de ilustres persoeiros ou só. Eu coido que andaba na procura da sementeira das súas inquedanzas.

Sen embargo é na súa terra de adopción, Catalunya (como gustaba de escribir e dicir), onde se prodiga como excelente periodista, centos e centos de artigos publicados nos medios de comunicación, sendo habitual colaborador de “El Progreso de Lugo, El Ideal Gallego, Faro de Vigo, La Voz de Galicia”, etc. Publicacións feitas na Arxentina en medios tan importantes como “O correo de Galicia” “Nós” e “ Alborada”, todos eles de Buenos Aires, ademais dun sen fin de traballos en revistas espalladas polo mundo da galeguidade, axudando a acrecentar o feito de que Galicia non ten límites.

Creo que foi e é o mellor cronista da emigración galega en Cataluña de tódolos tempos. Sen el, trinta anos do acontecer de tan importante colectividade non existiría e o edificio da historia ficaría quebrado.

Os seus artigos son froito da súa sensibilidade e do amor á “matria-galega”, comprometido, realista, sinxelo e espido de calquera atavismo que lle frene o desacougo da emigración e da problemática socio-laboral dos galegos emigrados. Neste senso, chámanme

fortemente a atención tres artigos, un do ano 1970 co título de “Fai trinta anos que chegou a gran Cidá” e outros dous do 1974, “O Listeiro escribiu non presentado” e “Baixa voluntaria”.

As súas colaboracións periodísticas constitúen o nexo da poesía e o periodismo, asemade xungen o presente e o futuro, tal e como el pretende e desexa:

“Unha gratitude a tanta xente que fixeron realidade o patrimonio que hoxe temos en herdanza, saber respetalo para que chegue enteiro ás xeracións futuras, é unha das mellores regalías que podemos tributar ós nosos antergos e mais a nós mesmos” M.R.L. (1989).

Botamos en falla a continuidade do labor realizado por Manolo, hoxe non existe a crónica puntual e precisa, a rede da unión-comunicación-información creada por el entre galegos de alá e de aquí diríamos que non está operativa. ¿Onde están os continuadores do labor?. ¿Como se van afincar, enraizar, xuntar esas xa terceiras ou cuartas xeracións de galegos espallados na diáspora catalana?.

“Onde están os teus fillos? Onde anda a mocedá?
Que facedes, meus vellos, nisa pecha soedá?
Fuxiron a outras terras en percuco de pan
Enxamais ó seu pobo tornarán”. M.R.L. (1968).

Así mostraba as súas preocupacións polo devir dos tempos.

Vaia este meu laio como desexo de que a seiva da Galeguidade nunca deixe de chegar ás novas xeracións, por moi lonxe da “Terra Nai” que se encontren.

Cancelina de entrada

É verdadeiramente admirable o tecido das relacións humanas. Abofé que lle cadra ben a comparación coa tea da araña, coa súa infirmitade de fíos entrelazados; tanto polo complexo que resulta ese tecido, como porque, en non poucas ocasións, calquera dos fíos que pretendas seguir non é independente dos demais, senón que está anoado coa maioría dos outros.

E despois desta filosofada, debería dar razón de por que optei por comezar deste xeito esta entradiña, especie de estreita cancela, á inmensa agra deste libriño no que se recollen escritos de moito maior interese có meu, escritos premiados xa nun certame literario que leva o nome do chorado amigo Manolo Rodríguez. Comecei deste xeito, despois de darlle varias voltas ó asunto, porque caín na conta de que se me pide esta colaboración como consecuencia dese complexo tecido de relacións de amizade.

Pídenma Xesús Mato e Santi. Xesús é vello compañeiro de moitos camiños da vida percorridos en fraternidade e Santi é novo amigo, fillo do amigo de vello que foi Manolo Rodríguez, co que tiveron a satisfacción de facer varias viaxes, os dous sos, ou en compañía do mismísimo D. Anxel Fole, que, por medo ós automóviles, non viaxaba con calquera.

Outro amigo dos cinco, Xulio Xiz, foi quen me puxo en contacto con Manolo aló polo anos oitenta coa fin de que el me axudase a xestionar a posibilidade de viaxar ó Centro Galego de Barcelona co grupo de teatro os Baluros para representar alí a peza “Vaise pechar outra casa máis”. Alí en Barcelona coñecín á docésima Irene, muller de Manolo e ó outro fillo, Quique, pero ademais, tamén fixen amizade con Manuel Blanco, un intelectual que, entre moitas outras, escribiu a biografía de Manolo Rodríguez.

a unha inmensa agra

E xa imos nove. Pero, non teñas medo, lector, a que siga desentretiñando os fíos dos tecidos das miñas amizades. Non deixaría de ser un exercicio narcisista e aburrido, que te podería levar a abandonar a lectura e gustaríame poder sentirte tamén a ti como amigo, xa que, se me estás lendo, dalgún xeito está habendo unha comunicación entre nós.

Pero, mira por onde: xa é ben curioso que quedei en entregarlle este traballíño a Xesús Mato o día 12 de setembro nunha comida preparada coma sempre con boa man e mellor corazón por Irene, en honor a Manuel Blanco, no seu setenta e sete cumpreanos, á que non fallará tampouco Xulio Xiz.

Quen non estará é Manolo. Ou mellor dito: ¡Sí. Estará! Porque nos xuntamos gracias a el e non pode fallar. Sempre foi bo cumpridor cos amigos e coa familia.

Gracias a Manolo tamén somos moitos os que puidemos descubrir ou facer medrar o amor a esta terra nosa, xa que el foi deses galegos na diáspora que non deixou de amar a súa terra de orixe, e aínda estou por dicir que o contacto con Cataluña fíxolle amar máis a Galicia como lles pasou a moitos máis galegos; pero o amor xa o levaban dentro.

Manolo Rodríguez, ou Manuel Oreste, como gustaba de asinar os seus escritos, aínda estando lonxe, mantivo ben afincadas as raíces na súa Paradela e así puido manter tamén ben conxuntada a súa identidade e dar froitos aló que conservaban o bo sabor e o arrecendo dos de aquí.

Dise que un dos problemas serios de moitos fillos de emigrantes é un problema de identidade, porque se senten dalgún xeito

de ningures. Sei que ese mal non o sofren os fillos de Manolo e de Irene, porque seus pais axudáronlles ben tanto nese campo coma noutros. Pero non tódolos pais galegos atinaron a saber facelo, que non foron poucos os que ós tres meses de andar por Suíza, por Barcelona ou por Madrid, se despachaban desta guisa: “Los gallegos sois unos ignorantes y unos miserables”.

Manolo nunca foi un miserable, que aínda que tivese que emigrar, viviu gozosamente e sen complexos a riqueza de ser galego; nin foi tampouco un ignorante, porque soubo asumir toda a nosa cultura, comezando pola nosa fala. De aí que fose un estudioso, un investigador, con gran curiosidade por calquera eido da nosa inmensa riqueza cultural e, ó mesmo tempo, un creador de cultura como ben quedou plasmado nos seus abondosos libros e artigos.

Tiña, é certo, as raíces ben afincadas, pero non por iso ficou inmóbil nin convertido en fosilizada estatua de sal que quedase mirando para atrás. Non. A vinculación co pasado aportáballe o necesario zume para tirar cara adiante e soñar cunha Paradela mellor, cunha Galicia mellor e cun mundo mellor.

Ás portas da factoría de Alúmina, en San Ciprián, deume un consello un tris heterodoxo co que me facía unha loanza e ó mesmo tempo poñía de manifesto o seu amor a esta terra. Falando de outra común amiga, a mellor poeta de Galicia, Marica Campo, díxome: “Aínda que o corazón che tirase cara algunha muller, non deixes o de cura, que fan moita falla curas namorados da nosa terra, da nosa lingua e da nosa cultura”.

Cancelina de entrada a unha inmensa agra

Terei que ir rematando, xa que do contrario a canceliña vaise convertendo en portalón; pero aínda quixera facer unha referencia xeral ós distintos traballos recollidos neste libríño. Non teño que ser eu quen corrobore a súa grande calidade literaria. Xa o fixo, con meirande autoridade ca min, o xurado do Certame. Eu só quero agradecerlles ós seus autores o esforzo e o agasallo que con eles nos fan e animalos a seguir cultivando a palabra escrita nestes tempos en que as imaxes están a piques de expropiarnos das palabras escritas e faladas.

E remato agradecendo e animando do mesmo xeito ó Concello de Paradela e ó seu Alcalde, amigo tamén, Xosé Manuel Mato, a seguir mantendo este certame e promovendo actividades culturais. Non ha de fallar quen diga que cos gastos destas cousas podíase amañar un camiño. Independentemente de que iso poida ser certo, non convén perder de vista que a cultura por si soa non abre camiños, pero é imprescindible para que os camiños sexan máis anchos e, sobre todo, para que non sexan camiños sen saída e conduzan ás portas dos veciños, servindo así a ese admirable tecido de relacións humanas perdurables, que son do máis gratificante que nos pode deixar a vida e do máis útil que pode xestionar ou impulsar calquera administración.

Xosé Manuel Carballo
Cura de Castro de Rei de Terra Chá
A 11 de setembro de 2003

Bases

PRIMEIRA: Establécese un Premio de 600 euros para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de POESÍA e outro de 600 euros para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de NARRATIVA.

SEGUNDA: Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo; a obra de poesía terá unha extensión máxima de 100 versos. En ámbolos dous casos, escritos a máquina e a dobre espacio. Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán.

TERCEIRA: O prazo de entrega dos relatos e da obra poética rematará o trinta de novembro de 2002. Presentaranse no Rexistro de Entrada do Concello de Paradelas, por quintuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema. Adxuntarase un sobre no que figure o devandito lema e dentro del unha cuartilla co nome, dous apelidos e teléfono do autor, cunha declaración de que o relato ou a obra poética é axeitada ás normas contidas na Base segunda. Abriranse soamente os sobres dos traballos premiados. No caso de participación en ámbolos dous apartados, deberase concursar en cada caso e presentando a obra por separado.

CUARTA: O Xurado designado polo Excmo. Concello de Paradelas emitirá o seu fallo no mes de decembro de 2002 e farase público polos medios de comunicación. O Xurado pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados e a súa decisión será inapelable.

QUINTA: As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Excmo. Concello de Paradelas, que se reserva o dereito a publicalas.

SEXTA: O autor ou autores premiados convocaranse ó acto de entrega dos premios, que terá lugar en Paradelas, na data fixada polo Excmo. Concello de Paradelas.

SETIMA: A resolución de tódalas cuestións que poidan xurdir ou plantexarse nesta convocatoria, é da exclusiva competencia do Excmo. Concello de Paradelas e do Xurado.

Fallo do xurado

Acta de constitución

“VIII Certame Literario Manuel-Orestes Rodríguez López”

Reunidos no Salón de Sesións do Excmo. Concello de Paradela, sendo as doce horas do día vinteseis de febreiro de dous mil tres. O Xurado designado, formado polos Señores:

D. Xosé Manuel Mato Díaz (Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Paradela) como Presidente;

D. Antonio Calvo Varela (Ilmo. Sr. Delegado Provincial da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia en Lugo),

D. Xesús Mato Mato (crego, escritor e musicólogo),

D. Xulio Xiz Ramil (Funcionario da Delegación Provincial de Cultura en Lugo, escritor e periodista),

D. Darío Xohán Cabana (poeta e escritor),

D. Xabier Rodríguez Barrio (poeta e escritor) e

D. Santiago Rodríguez López (fillo do homenaxeado), como vocais.

E D Juan Luis González Iglesias, Secretario do Excmo. Concello de Paradela, que da fe do acto.

Constituído o xurado en forma, procédese a calificar as obras presentadas e atopadas conformes ás bases no seu día aprobadas.

O Xurado por unanimidade, acorda:

Primeiro: Vista a calidade e o nivel das obras presentadas, outórgase con carácter compartido o Premio de POESÍA ás obras:

- En castelán, presentada baixo o lema Crisis, titulada “CRISIS”. Aberto o sobre, compróbase que a obra pertence a D. Salvador Moreno Pérez, con enderezo en Jumilla, provincia de Murcia.
- En galego, presentada baixo o lema Saloma dos coídos, titulada “SALOMA DOS COÍDOS”. Aberto o sobre, compróbase que a obra pertence a D. Alexandre Nerium, con enderezo en Fisterra, provincia de A Coruña.

Asimesmo, o Xurado acorda outorgar un Accésits no apartado de POESÍA.

- Accésit á obra titulada “AI DE MIN PARADELA”. Aberto o sobre, compróbase que a obra pertence a D. Francisco Piñeiro González, con domicilio en Cervo, provincia de Lugo.

Segundo: Outorgar o Premio de NARRATIVA á obra titulada “ESTÁN ARDEN-DO AS SERRAS ORIENTAIS”. Aberto o sobre, compróbase que a obra pertence a D. Xaime Domínguez Toxo, con enderezo en Pontevedra.

Asimesmo, o Xurado acorda outorgar un Accésit no apartado de NARRATIVA á obra titulada “NAI”. Aberto o sobre, compróbase que o lema pertence a D. Xoán Xosé García López, con enderezo en Ferrol, provincia de A Coruña.

E para constancia do tratado, levántase a presente acta por setuplicado exemplar, por tódolos membros, en Paradela na data arriba indicada, sendo as trece horas, do que eu como Secretario dou fe.



Salvador Moreno Pérez

Nado en Jumilla (Murcia) o 7 de Marzo de 1942.

Profesión: Arquitecto.

Premios literarios, de Poesía:

I Premio ATENEO DE SANLUCAR DE BARRAMEDA

I Premio "VILLA DE INIESTA"

I Premio "FUNDACIÓN F.MAYOR ZARAGOZA". Jaén.

I Premio "CIUDAD DE JUMILLA".

I Premio "RÍO UNGRÍA". Dip. Prov. de Guadalajara.

I Premio "ERNESTINA DE CHAMPOURCIN". Dip. de Alava.

I Premio "ALBARICOQUE DE ORO". 2002. Moratalla (Murcia)

I Premio de la ORDEN LITERARIA FRANCISCO DE QUEVEDO.

I Premio del CERTAMEN DE POESÍA IBEROAMERICANA VICTOR JARA.

I Premio "MIGUEL DE CERVANTES" – CIUDAD DE ARMILLA.

I Premio CERTAMEN LITERARIO "LA CARCEL". Totana.

I Premio "MANUEL-ORESTE RODRÍGUEZ". Paradela (Lugo)

2º Premio Certamen de Poesía del AYTO DE LOS MOLINOS. Madrid.

2º Premio GUADALMESÍ. Tarifa

2º Premio ATENEO 1º DE MAYO. Madrid.

3º Premio de Poesía Asociación del Patrimonio de LETUR.

Accésit "VILLA DE GALISTEO". Cáceres.

Accésit del "Fco. SÁNCHEZ BAUTISTA". Murcia.

Accésit "CIUDAD DE BENICARLÓ". Castellón.

Accésit "JARA CARRILLO". Alcantarilla.

Accésit "MANUEL-ORESTE RODRÍGUEZ". Paradela (Lugo).

Finalista del "EMMA EGEA". Cartagena.

Finalista del "El Ermitaño". Puerto de Santa María.

Finalista del "Jara Carillo". Alcantarilla.

Finalista del "FCO. SÁNCHEZ BAUTISTA". Murcia

Finalista del "ANTONIO OLIVER BELMÁS". Cartagena.

Finalista del "X PREMIO VILLA DE ARANDA".

Libros publicados, de Poesía:

"ABÓNICO SE ENCIENDE LA MAÑANA". Por el Instituto de Estudios Jumillanos.

Edición del Primer Premio "EL RINCÓN POÉTICO" del ATENEO de Sanlúcar de Barrameda.

"PALABRAS DE LA MADRUGADA", Edit. Morandi. Madrid.

"JAQUE AL RELOJ DE SOL". Colección Biznaga, nº 22, Casa de Málaga en Madrid.

"TESELAS EN EL AIRE". Ayto. de Jumilla.

"ENVOLTORIO DE SUEÑOS". Ed. Nausikáa. Murcia.

"PAISAJE CON FIGURAS". Diputación Foral de Alava.

"DE LUCES Y OSCURIDAD". Edit. Devenir. Madrid.

"JAQUE EL RELOJ DE SOL II". Amarú Ediciones. Salamanca.

la peor crisis

Salvador Moreno Pérez

I.-

Era hambre. Llamábanle aventura,
ansias de mejorar, conocer mundo
o aprender otro oficio...

mas luego, ya en el tren, con la maleta
no engañaban a nadie.

Era hambre.

Sencillamente hambre. Y volvían en las fiestas
al reclamo de churros y verbenas,
en el día del Cristo o de la Virgen.

Y estrenaban abrigo, gabardina, zapatos,
y encontraban más chicas las calles y las plazas,
y más viejos los viejos,

las piedras de la ermita,

las cruces y las tumbas,

las yeguas y las mulas,...

y volvían a marcharse, estrenando el atuendo
- el hambre era la misma -
gastados los ahorros
en promesas cumplidas parcialmente...

¡menos el hambre todo era parcial!

II.-

algunos se quedaron
- ¡dos millones!, dicen los estadísticos -
cuajando de apellidos castellanos
la faz de media Europa
y el cono sur de América.

han pasado tres décadas, o cuatro
y ahora suben de Africa
o saltan el Atlántico... y es hambre,
sencillamente hambre, ni siquiera maleta,

tan sólo con Alá, un tango o una cumbia
- cántale Miguel Ríos: ¡bienvenidos! -
por dios, patria y canción...

¿renunciarán, por qué? si es hambre,
sencillamente hambre.

y han creado una crisis, anuncian los voceros...

¿qué crisis?, hay alguien que pregunta
y se avergüenza el aire...

III.-

ya pasará la crisis...
los caudillos de terno azul, corbata,
secretaria y despacho, saben que el tiempo es arma
con que se triunfa siempre
- único triunfador de todas las batallas -

... decretos, normas, leyes,
regla, procedimiento,
reglamento y programa...

¡atención al programa!
no venga nadie más hasta que no llamemos,
pateras y aeroplanos pasad por la aduana,
todo esté registrado, visados y papeles,
el Cónsul, la Embajada, la Policía, el Control...

... mandadme otros cien más que hay que coger la fruta
y les daré cobijo en un buen barracón,

y una mujer que haga las tareas de casa,
y otra para cuidar al viejo terminal,...

y si viene la crisis, de verdad,
esta gente a su tierra, aquí ya no cabrán...

que lo sepa el Gobierno y mantenga dispuesto
un sistema de vuelta al hambre original...

IV.-

Gárgoris y Habidis, Indibil y Mandonio,
Santiago y Theotocopulos,... los papeles en regla
y el macuto dispuesto,
a la voz del caudillo
aliviáis todo el hato y en dirección al mar
- que Europa es otro mundo que funciona a su bola,
Bruselas, Luxemburgo, Comité y Subvención -...

El hambre es la peor crisis

a la voz del caudillo - de tarima y bigote -
todos a formar,
que a los Jefes de Escuadra - de Regla y Cartabón -
de ilustres apellidos
les cuadren ipecés, déficits y estadillos...

¿y pasará la crisis?... preguntan en palacio,

y una sardina, un níspero,
la leche de una cabra,
la miel y las almendras,
los jínjoles, los higos,
una torta de almorta o de centeno,
las truchas, los conejos,
el cardo, el alcaucil,
las habas, los pepinos,
los cangrejos de río,
el apio y los tomates,
en cerdo, el jabalí...
- los frutos de la vida, condumio para el pan -
cantan una cancióm que es grito de una llamada...

y V.-

Escuchadme caudillos:
lo vais a pasar mal, aquí hay pan para todos...

aquí cabemos más,
en la esponjada tierra, ancha y profunda,
de Quevedo y Cervantes, de Teresa y Gracián,
- también de Abderramán, de Séneca y Teodosio -,
del Cid, del Arcipestre, de Fray Luis y San Juan,
- también de los Omeya, Boabdil e Ibn-Arabí -...

escuchadme caudillos: el hambre es la peor crisis...

no hay riesgo que detenga al que no tiene
- además de la vida - ya nada que perder.

... ¿la crisis pasará?,

... sobre el envés azul de cada amanecer
- en lontananza, al fondo,
piedra cara de ángel, rocío y gota de miel -
la aguja del reloj de sol escribe un ¡sí!.



Alexandre Nerium

Alexandre Nerium é o pseudónimo de Francisco Manuel López Martínez, nado en Fisterra en 1960, de profesión mariñeiro. Foi presidente do xa desaparecido "Batallón Literario da Costa da Morte".

Foi gañador dos seguintes certames literarios:

X Premio de Poesía "Rosalía de Castro" (Cornellá, Barcelona, 1996) con Cidadela (O verxel das sete fontes)

Premio de Poesía "Antón Zapata" (Laxe, 2001)

Premio de Poesía "Meigas e Tragos" (Sarria, 2002)

Premio de Poesía "Faustino Rei Romero" (Rianxo, 2002)

VII Premio de Poesía "Johán Carballeira" (Bueu, 2002) co poemario

"Vogar de couse"

VII Premio do Certame Literario "Manuel Oreste Rodríguez López" (Paradela, 2003)

Textos seus aparecen nas escolmas poéticas:

"De mar e vento" (Espiral Maior, A Coruña, 1997)

Certame de Poesía "Rosalía de Castro" (1992 - 1996) (Sotelo Blanco)

"Poesía na noite"

"Vis à Vis"

"Nós"

"Rumbo ás illas"

"Namorados da Costa da Morte"

"O mundo da pesca na Literatura Galega"

"47 poetas de hoxe cantan a Curros Enríquez"

"Negra sombra. Intervención Poética contra a Marea Negra"

E axiña verá a luz o seu primeiro poemario "Vogar de couse".

Tamén participou nas revistas:

Dorna, Lúa Nova, Terra bárdica, Atenea, entre outras.

dos coídos

Alexandre Nerium

Desesperadamente
percorres a distancia
nunha confusa estancia
de sal intermitente,

de veo transparente
de indómita asonancia
sumida na fragancia
dunha engurrada frente.

Afóndaste no rego
varudo da constancia,
no cálido trasfego

da noite evanescente,
nas mans do desosego
sobor da broa rancia...

Debúllanse as bágoas no rostro da memoria,
chafarices de mágoas acendendo a lareira,
gumes enferruxados na friaxe da aurora
onde a tersura labra negras ondas esgrevias.

¡Canta humilde palabra na terra axeonllada
batendo nos valados os xugos contra as pedras!,
¡cantos fieis cavadoiros chorando nos recantos!,
¡cantos tristes mulidos cargados de paciencia!

... Decruamos degoiros coa fame omnipresente
de salgados láidos nos estigmas da area,
peneiramos os loiros cabelos das espigas

nos delampos perdidos da tarde treboenta,
esgazamos os coiros na bravura do tempo
cos pés atecidos, absortos na pobreza.

Nosoutros que convosco da virazón soubemos
e sen chillar osmamos do arfar a revoltina
cremos que do cansazo da maraxe irascíbel
endexamais o fosco remorso será xitra.
Nosoutros que escoitamos do enmudecido sirte
aqueloutro bandazo somorgullado á cinza

sentimos como o pranto de loito enxavegado
ofega as mornaseiras para que ardore a brisa.

¿E por iso ribeiras cobizástesnos?, ¿ósevos
sequera esoutro canto varado na avreguía?
¿Seica o mar desencanto decatouse - anque sono

trouxera - que as peneiras de seu a furna irisan?
¿Para que, das coeiras (consunción destas abras),
mesturades o espanto entre galgas tristísimas?

Por verterdes na area a suor indelébel
e o monótono esforzo que arrombaron as táboas
singraremos os lípidos espellos de alabastro
ata abicar a terra ergueita na alborada.

Por velardes o escorzo da grácil Casiopea
e os vórtices dos temporais que braman
teceremos a vela rifada polo leste
con puntadas de liño nas avesías abras.

E o mar será camiño cando o serán se extinga,
e o faro e a estrela aquela que brille na atalaia,
e a airexa a voz da aurela tripando o acantilado,

e a xerfa o remuíño baixo das penas brancas.
No recordo o aloumiño de tristes crisantemos
marelecendo a unbela que mora alaurada.

No quebranto: os camiños, a verde veiga espida,...
¿Onde fuxiu o vento?, dicídeme, ¿a que hora?
«¡Calade, agora escoito no mar medroso a brisa,
e o choro dos meniños da carballeira agroma!».

Paxaros ao relento, tremente aleivosía.
As cerdeiras sen froito: tábidas, incorpóreas,...
na noite furibunda, soturna e sempre viva
que desfalece o día serodio, onde a calostra.

Chorimas da agonía, fentos de medo e sombra...
«¡Mirade como inunda, de penas, o cavorco
á bátega iracunda que mana dun estrondo
e esfolá, da invernia, azuis grilandas orfas!».
Lonxe: melancolía, dozura, persistencia
na cárcava profunda de apócrifa aquiescencia.

Por eivala... escoaches, desta augación, os tombos;
avelláchela cega para espertala nunca;

décheslle dos sorrisos: penumbra, desconsolo,...
e a cambio sempre achaches calor xunto a espenuca.

Fúchela, na noitébrega urdime, atando aos poucos
coas trallas que os baixíos gravaron á fondura,
prometéraslle a illa coma aqueloutro tolo
que en ás dun gris lavanco voou rentes da escuma.

¡Ispea cando o branco bater da vaga acalme!,
¡non fagas desa milla, que che separa, algarve!
«¡Consólaa!». ¡A esta filla do mar tes que amencela,

quitala do fochanco, do enteco precipicio!
Nalgures, aquel banco de acivro sabe a exilio
e hogano a sobrequilla é unha tristura allea.

¡Só nós, vaixel errante circundado de bágoas,
ao mando, sen sextante, de trémulas gaivotas,
que sementan a trra con fieitos e froumas
e coroan os mortos cos verdellos das praias!

Abarloados ortos nos arganeus das áncoras.
¡Que feble a roda berra nas espalmadas ondas!
«¡Ah, sepulcral embate, súbito, cal raiola
que afunde na zozobra, engorde, estoutras vagras!».

¡Ai, maroma granate de férreas cadeas
trincando na manobra a pel de botavara!
«¡Oh, náufrago!», ¿onde bate o mar onde descansas?,

¿acaso onde recobra a luz o sol que albea?
«¡Sal que no peito late sombras de dalías irtas,
... Dor que con mágoas dobra as dúctiles pupilas!».

... Nos recónditos mares
da adolescencia ausente.
E embázaste no abreinte
que dorme nos Ancares,

e na enseada de Ares
esfúmate a corrente,
e no Lérez silente
embebédante os lares...

E nas Cíes, o norte
retente eternamente
e asólate na corte

a néboa dos Peares
e na costa da Morte
somérxete o poñente.



Francisco Piñeiro González

Francisco Piñeiro González naceu no 1956 no Reguengo, Mondoñedo. Actualmente traballa como mestre no Instituto Monte Castelo de Burela.

No eido literario preferentemente é autor e director teatral, representando as súas obras por toda Galicia e Asturias cos grupos "O Bordelo" de Cervo e "A Adala" de Fazouro, Foz.

Obtivo o premio á mellor obra coa peza "No San Campio" no certame "Laxeteatro" e o premio á terceira mellor obra coa peza "Cambadelas" no mesmo certame. Outras obras súas moi celebradas nos últimos anos son: "Relax-Total", Ferro e fariña", "Andar á comenencia", "Na encrucillada", ...

Sente a poesía como algo tan persoal que é a primeira vez que deixa saír ó público unha delas en agradecemento á hospitalidade e xenerosidade das xentes de Paradela que coñeceu percorrendo o Camiño de Santiago no ano 1989.

Paradela!

Francisco Piñeiro González

I

Aí,... no castro da Croa,
tocando o ceo,
onde a xistra de prata peitea os penedos;
aí,... na fraga da alma
agochei meus vencellos:
da casa, dos vedros,
das fontes e regos,...
tamén dos meus vellos
que aínda me agardan
debaixo das lastras do cemiterio.

Aí, no Monte Maior,
brincando coas nubes,
coas nubes de espuma
que o rego Borcelo arranca do cume;
aí... naceu o meu pai
nunha longa noite de inverno
mentres o vento lle contaba ó arume
lendas de lobos,... coitas de nenos
para durmi-la lúa nas ás do morcegos.

II

Os seus oito irmáns
saían moi cedo para traballar arreo
e sua-lo pan de millo e centeo...
que sabía a gloria,
já gloria dun pobo
que coceu a historia co alento de todos!

Cando espertou a guerra,...
¡maldita moeda de medo fundida
que mércala morte pagándoa coa vida!
¡Oxalá te quedas para sempre durmida!

Aquel tempo cravou a anguria nas gorxas;
de miseria e de fame ateigou as alforxas
e a xente emigrou.

Ata esmoreceu a chorima,
quedouse orfo o canoto,
orfo de espigas
e nosa eira cubriuse de ortigas.

III

Tamén o meu pai
viuse na obriga
de botarse ó mundo
coa alma ferida
deixando os seus vellos...
coas lastras erguidas.

Xamais puido sorrir en terras estrañas,
xamais puido esquecer súas últimas bágoas
saíndo da porta, pechando o poxigo,
ceibando saloucos que arrancan en vivo
as veas do peito e os cinco sentidos.

Na súa memoria gardou o Miño,
gardou a Pacios, o Loio e o Deveselas...
para contarnos ós fillos biquiños da súa terra
que só agroman á beiriña dos ríos de Paradela.

IV

¡Ai de min, Paradela,
se ti souberas
como bebe o meu sangue
do celme das túas terras!

Son fillo de quen se foi,
sen nunca poder voltar.
Escribo para que o prediquen
polo aire as túas campás:

¡Ai de min Paradela!

¡Ningún fillo te esquece!
¡Ben te podes gabar!
¿Cal será o teu segredo
para que os teus fillos moribundos
supliquen a Deus o seu permiso
para voltar a este mundo
por unha presíña de terra
dos vales de Paradela?


E cando polas rilleiras obrigan ás ánimas a vagar
cruzan as bouzas ás présas
tentando de se-las primeiras para poder acougar
nos adros das túas igrexas.

V

Na distancia o tempo se agranda;
a memoria pinta recordos:
guiños de vivos, risas de mortos.
¡Ai do que emigra, séntese orfo!

¡Ai de min, Paradela,
se eu non soubera,
que xa é hora de voltar,
para abrazarte, miña terra,
devolverche ó meu pai,
traballa-los teus eidos
e sua-lo teu pan!

Cántame, carro,
fálame, auga,
escóitame pedra:
Aínda que eu morra lonxe,
¡SON NETO DE PARADELA!



Xaime Domínguez Toxo

Xaime Toxo, nado en Bueu, dedícase profesionalmente ó ensino especial. Vencellado ó mundo da cultura, desde moi novo pertenceu, en Santiago, ás lendarias agrupacións culturais “O Galo” e “O Eixo”.

En Pontevedra forma parte da directiva do Ateneo.

Pertence tamén ó grupo de debate filosófico O Picón, xunto con Ignacio Castro, Daniel Bernández, Herminio Barreiro, Gonzalo Trasbach, Antón Sobral, Pedro e Guillermo Fernández entre outros.

Ten publicados varios relatos nas revistas “Explanada” de Alicante, “El Joven Topo” e “Badaladas”.

Co grupo O Picón ten publicado en Noitarenga o libro homenaxe a Uxío Novoneira: “Neste silencio”.

O relato MOURO É O ROSTRO DA MEMORIA recibiu o primeiro premio do concurso relatos breves “El Ajedrez se hace palabra” do ano 2000. Entre outros o xurado estaba composto por Caballero Bonald e Rafael Conte.

Na actualidade prepara un libro de relatos titulado “Contos do Morrazo”.

as serras orientais

Xaime Domínguez Toxo

“Pero cando volvemos, tarde, do xardín dos xacintos,
os teus brazos cheos e o teu cabelo húmido, non podía
falar e os ollos toldábanseme, non estaba
nin vivo nin morto e non sabía nada,
ollando no corazón da luz, o silencio.

T. S. Elliot

Caneiro esfregou as mans, unha contra a outra, manténdooas, despois, debaixo dos sobrazos para gardar a calor. Saltou cos pés xuntos enriba da pedra. O andén era longo, frío e húmido.

Mirou para Bandallo e sorriu cun aceno de amargura; polo menos el está aquí, comigo, pensou.

Bandallo intentara explicarlle o que era un tren, pero Caneiro nono tiña moi claro; e iso que Bandallo era con quen mellor se entendía. Agora ben, o da máquina que votaba fume, os camiños de ferro, os debuxos que lle fixera na area. Nada.

E ademais, ¿que se lles perdera a eles na Coruña?

Tan lonxe da aldea; e -aínda por riba- a súa nai quedara choromicando cando se despediron dela.

Bandallo veña a termarlle da chaqueta de maón azul remendada nos cóbados.

- ¡Ai! Bandalloño, cóidamo, filliño, que nunca saíu da casa”. Laiábase a nai.

- ¡Ai!, pobres rapaces, que vai ser de vós!”.

E Bandallo veña a separalos, e a dicirlle ao aire, -”ímonos, oh, que está aí o furgón da milicia; bule que aínda nos van rifar”-.

A nai apertouno con máis forza e comezou a bicalo na fronte. Bandallo quitoullo dos brazos, agarroulle a cara cas mans e, mirándolle directamente aos ollos, xesticoulou moi amodiño abrindo moito a boca: -”B-U-L-E”.

Porque, aínda que Caneiro era xordomudo de nacemento, Bandallo, veciño de porta con porta, e da mesma idade, falaba con el como se oíra.

Certamente parecían, ou polo menos todos o decían, -”fálalle ti, que a ti oéche”.

E aínda que nono escoitara, era tal a irmandade que os xunguía de medrar xuntos, que antes de facer calquera cousa, Caneiro, sempre fitaba para o seu amigo para saber como actuar.

Era o único que mantiña aquela unión máxica con el. Nin sequera a nai, e iso que era fillo único de silveira, nos momentos difíciles podía amansalo.

Había que ir buscar o Bandallo para que viñese ata casa a rebrandecerlle o corazón de mula que se lle poñía cando estaba enfadado. Pechábanse na cociña os dous, sentados arredor da artesa a carón do lume; a nai podía escoitalos desde detrás da porta, os chíos mudos e ferintes do seu fillo, e a Bandallo repetindo, -"xa sei, home, xa sei"-.

¡Que carallo podía saber!, pensaba a nai, ¿como podía entender eses chíos de gaivota afónica que a ela lle taladraban os miolos?

A primeira ves que pasara esto, os dous eran rillotes de andar a pillalas xoubas que rebordaban das patelas dos mariñeiros, sorbían as luras que lle caían do nariz e apañaban tódalas labazadas que se perdían na lonxa.

Caneiro chegara a súa casa a media tarde chorando dunha maneira brutal, emitindo un ruído seco de lobo castrado, enter saloucos que non había xeito de acougar. A nai, angustiada, votárase ao camiño pensando que o neno debía ter algo moi malo, mesmo chegou a temer que unha dor de morte escura estábao rillando por dentro.

As veciñas acudiron á chamada da desesperación, da rabia dunha boca aberta, con toda a carraxe do mundo dentro, que non podía nomear a furia que o entolecía.

Cando chegou Bandallo, á noite, conseguiran deitar ao rapaz que tremía co frío da lembranza. Meteuse na habitación e votou fóra a tódolos demais. Ao rematar abriu a porta e saíu da habitación, un refacho de xistra azotou a cara dos que agardaban. Ninguén se atreveu a falar, e el soamente dixo: "Non pasa nada, eu arrancho"; e marchou.

-¡Manda truco na Habana para o piollo!, sentenciou Palmeiro, un vello mariñeiro xubilado,- "eu arrancho, foder para o carallote que aínda lle hai que limpar o cu"-.

Dous días despois apareceu na estacada, amarrado nun poste, nu e cuberto de alcatrán, Henrique Bufa, un rapaz da Banda do Río quen, ao quitarlle a sardiña que tiña metida na boca, e antes de empezar a chorar, dixo: "foi Bandallo"-.

Aquelo foi o comezo dunha liorta entre cuadrillas que durou todo o verán e tivo a vila embarullada nun estado de tensión que os rapaces contaxiaron aos maiores.

Enfrontáronse a pedradas na alameda, diante do Concello; con frechas e arcos de vimbio no recheo novo; a labazadas na praia de Petís, lonxe da vixilancia dos homes que os escorrentaban a cintazos como si fosen cans adoecidos.

Soamente coa chegada das chuvias outonizais de setembro, acordaron unha paz estraña, produto mais ben dun cambio interior que dun amaño entre partes para deixar de axexar o voo da pedra cara o olo.

De soquete, sorprendéranse co descubrimento de que lles gustaba máis mirarlle os peitos á irmán de Henrique, que mallar neste.

Bandallo calou durante moito tempo o orixe daquela guerra, ata que deu por morto o lume do remorso na mirada de Bufa, e puido contar, a noite do velatorio de Caramucha “A birolla”, que o día que estoupara un furacán de odio no peito de Caneiro, este anduvera pillando sardiñas na lonxa. Ias collendo das patelas e dos caixóns que desembarcaban os homes das chalanas e metías por dentro da blusa.

Pensaba na cara de ledicia da súa nai cando chegara con aquela marea tan boa; nas brasas da lareira; na maga do peixe no fregadeiro de pedra; nos gatos a comer nas espiñas e cabezas; e nos corpos limpos das sardiñas penduradas no tendal, a secar abaneadas polo vento inmisericorde do norte.

Pensaba nestas cousas, sardiña a sardiña, sen se decatar do empurrón que lle veu enriba coma un cairo no medio do mar. Foise contra un aparello que agardaba a encascar, mirou sorprendido ó atacante, e taopu a cara para se protexer do cintazo dun chicote de rapeta dirixido ós beizos implorantes de axuda. Un miañento laio de medo provocou a gargallada do furón, que empezou a roubarlle as sardiñas mentres o alcuñaba, petándolle por todo o corpo.

- Mudo, merdeiro, non sabes nin falar-, espetoulle a xeito de despedida, lanzándolle un peixe contra a cabeza.

- E como sabes o que lle dixox, si non pode falar-, retrucou un que estaba escoitando a historia.

- Eu de Caneiro seino todo-, contestoulle unha migalla amolado Bandallo, que, despois de todo o que pasara, sentíase tan unido ao seu amigo como o regato ao rego.

Así era, aseguraba a nai de Caneiro, e sempre fora así, desde meniños. A correr pola praia, a pescar no penedo, a recolle-lo trasmallo ou xogar co balón. Inseparables. E non podían estar nin sequera un día sen saber un do outro. Cando un deles enfermaba xa estaba o outro na cancela agardando para que o deixaran entrar a visitalo.

Por eso, o día que os chamaron para o servico militar, presentáronse os dous xuntos no concello cunha presada de mozos da vila.

O militar que chegou ao salón de plenos era un home gordecho, baixiño, cun bigote fino e recortado debaixo do nariz.

Subido nunha tairma de madeira, o que lle permitía unha visión xerárquica dos curutos dos rapaces, comezou a chamalos, por rigoroso orde alfabético, aclarou, para saber si padecían algunha eiva que lles impedise cumprir coas obrigacións que tiñan contraídas cunha patria que se merecía calquer sacrificio, mesmo o da morte, engadiu.

Esta frase impresionou tanto a Bandallo que a repetiu seguido durante días no peirao a todos cantos quixeran oíla.

Cando chegou a “José Caneiro Darriba” o que contestou foi Bandallo.

- “Non pode falar, é xordomudo”-.

- ¿Como?-, preguntou o militar, baixando da tarima.

- “E xordomudo-”, repiteu Bandallo.

- “¡Que hable con él, coño!”, respondeulle o militar achegándose a Bandallo cos ollos ensanguentados de rabia; tan preto que Bandallo puido enxergar no fondo da mirada daquel home un niño de serpes que bafezaban un alento de carraxe arrepiante.

Bandallo fíxolle un aceno ao seu amigo co dedo movéndose devagar por riba dos beizos, e Caneiro emitiu un berro agudo de gata parindo que alterou ao militar ata poñelo tenso coma un estadullo e desfiguroulle a cara dun xeito cruel polo ictus de cadáver que chegou a acadar.

- “Está bien, tome”-. E chantoulle no peito unha citación para presentarse no Hospital Militar da A Coruña dous meses máis tarde.

A Xirome Obelleiro Patiño, de alcume Bandallo, deulle outra, porque, como lle explicou sen levantar a vista do chan, - “son chosco dun ollo dende que teño ó anos”-.

Agardou polo papel coa mirada baixa, estendendo a man para non ter que ver, explicoullo despois na casa ós seus pais, a morte dentro do corpo dun home.

A partir daquel día convenceuse de que o diaño vestía cun uniforme militar.

Agora, chegando o día, os dous estaban na estación do tren de Pontevedra agardando o ferrocarril que ás 6 da mañán había de levarlos a A Coruña.

Caneiro, paseando polo andén, e Bandallo, estombollado nun banco cun xaroto na boca, miraba as estrelas daquela noite de xullo.

Estaba pensando que nunca viñera a Pontevedra; o de hoxe tampouco é que fora gran cousa. Recolléraos o furgón militar en Beluso e, parando nas vilas que quedaban de camiño a cargar máis rapaces, abocáraos no andén da estación. Máis nada, esa foi toda a viaxe.

- Agardade aquí -dixéralle o que acompañaba ao conductor- Logo virá o tren. Cando chegedes a A Coruña estaranvos esperando-. Despois acendeu o coche e marchou.

Alí quedou unha tropa de 9 ou 10 piardas noviñas, as mans nos petos, empurrando o pantalón para abaixo e cun inmenso interrogante nos ollos.

Algún de Cangas, eles de Beluso, un de Bueu; en Marín embarcaron tres. Case non falaban no treito ata Pontevedra. Albiscáronse en silencio, trabando na escuridade da camioneta o medo que desprendía o corpo do veciño.

- Nunca fun a Pontevedra-, comentou un que subiu en Seixo, e houbo que axudalo porque tiña unha perna de pao.

- Eu tampouco-, contestoulle Bandallo, e aproveitou a lumieira de acender o cigarro para preguntarlle que lle pasara.

- Cando neno, un carro cheo de estrume pasoume por riba. Tronzouma como si foxe unto-.

- Sorte negra, e calaron-.

Bandallo, deitado no banco da estación, dáballes voltas o aquel de que os galegos fôxemos tan calados, que falásemos tampouco. Oíralle dicir alguén que os andaluces non paraban de falar e rir. ¿De que falarán?, estaba matinando cando sinteu preto o asubío da máquina que se achegaba.

Un homiño cun traxe azul e pucha roxa saíu correndo dunha porta e comezou a darlles ordes.

- Os do hospital militar, bulide cara o derradeiro vagón. Veña, axiña, o tren só para ú minutos-.

Bandallo ergueuse, foise onde Caneiro, votoulle a man polo lombo e comezaron a camiñar contra o tren que en marcha se aproximaba pola outra beira da estación.

A cara dos dous reflectía agora unha incrédula sorpresa e ledicia. Por fin o tren. Foi como darse de fociños co futuro. Caneiro mirabapara el sorrindo coa boca grande e aberta; tan contento de estar alí, mirando aquela máquina increíble, que lle espetou un bico na meixela.

- Para, ¡ou!, ¿que vai pensar toda esta xente?-.

E subiron no vagón de cola todos os que viñeron da ribeira e algúns máis que chegaron da montaña.

Cando o tresn se puxo en marcha agarráronse aos barrotos de madeira dos bancos pola impresión de que podían saír despedidos ou caer ao chan, dada a velocidade que pouco a pouco ían alcanzando. Mirábanse abraiaados, enter tímidos e sorprendidos de ser eles os escollidos para viazar a un mundo que non tiña nada que ver co que fai unhas horas deixaran atrás.

Un mundo de miserables alboios na maioría dos casos, co chan de terra e cociña renegrida polo fume da lareira que se espallaba por toda a casa dándolle á roupa un cheiro a carozo queimado que nonos abandonaba nunca. Unha casa de dúas habitacións para acoller ós pais e seis irmáns que durmían vestidos, ciscados onde podían, enriba de colchóns de follato, e un retrete no cortello do porco que era unha táboa de madeira cun buraco no medio.

Miseria dunha terra maldita, que non regalaba nada, sempre aventada por marusias de invernos interminables. Unha paisaxe detida de chuva gris que facía confundir o neboeiro da terra co mar e co ceo, nun mundo irreal de homes que camiñaban nunha travesía oceánica por praias do fin do mundo.

- ¡Merda!, díxose para si, mastigando as palabras coa mesma ledicia que o facía coas fillas da Rosa; despois fixo un aquel de cuspir ao chan, co lapo na punta da lingua detívose, asexou a porta e tragouno.

O vagón, aínda que era un antergo de transportar gando, arrancharano colocándolle ventaiñas e bancos de barrotes aparafusados ó piso. Entre as ventaiñas puxeran uns cadros minúsculos con escenas de monumentos de Madrid.

Caneiro observábaos detidamente preguntándose en que mundo marabilloso podería haber cousas como aquelas. A Bandallo, sentado e anegado de felicidade, todo o que tiña diante pareceulle o máximo de luxo e modernidade.

Ao principio ían ríxidos nos asentos dianteiros agardando que alguén viñera a vixialos. Así como foron collendo confianza, comezaron a poñerse de pé, a xogar cos movementos bruscos do tren, abrílas ventaiñas e berrarlle á noite. A un deles deulle por empurrar a outro que estaba ergueito, e nun intre xa estaban todos a se pandar e agarrar para non caer. Rían a cachón, nunca na vida o pasaran tan ben aquela manda de rapaces transplantados a un vagón de madeira sobre rodas que xiraban nun camiño de ferro votando faíscas que, como flashes, alumeaban unha realidade de labirinto negro e metálico.

Bandallo, nunha fuga sen retorno, tentando zafarse do perseguidor que o quería pandar, abriu unha porta no cabo do coche e quedouse pasmado ao ver, naquela viaxe de sorpresas, o espectáculo que daba categoría de miragre ó achádego.

Viñera dar a unha plataforma de ferro aberta ao baleiro do mundo, ás estrelas e ao ceo, a unha terra que se aloxaba cunha velocidade tan vertixinosa que o obrigou a agarrarse forte da varanda; aquela que o protexía do vértigo da vida naquela noite morna de xullo na que Bandallo estaba nacendo de novo.

Aquel sitio pareceulle o cumio do paraíso, soamente comparable a un regalo imposible dunha noite de reis de había moitos anos, ou ó roce suavísimo dos peitos da irmán de Henrique na súa cara.

Imaxinou, como vira nas películas que votaban no cine Avenida do Sr. Lino, que era un vaqueiro do oeste a defender o comboio dos indios. Levantou as mans formando unha pequena pistola cos dedos, fixo que apuntaba, e disparou co ruído da boca contra fantasmas salvaxes emplumados que, dende cabalos pintos, lanzaban frechas incendioarias contra o tren das marabillas.

Bandallo acabáballo de disparar a un indio que tiña a cara do seu mestre de escola, aquel que mallara nel canto quixera, cando o tren comezou a frear. Cando parou de todo, nunha estación que alguén berrou Vilagarcía, rachando o silandeiro camiño da bala directamente ó entrecello do mestre, oíron un barullo de carreiras e voces secas destemperadas.

Algúns pasaxeiros baixaron as ventaiñas e unha voz, acostumada a mandar, recorreu todo o frontal dos vagóns que daba ao andén como un lostrego que incendiara a pradería.

- "Suban as ventaiñas e que ninguén se mova do seu sitio".

Toda a estación estaba tomada por homes vestidos de negro e armados que xa empezaban a subir aos compartimentos.

Están ardendo as serras orientais

Un deles entrou pola traseira, pola plataforma dende a que Bandallo albiscaba marchar ó cabalo, xa sen o indio mestre enriba.

- “Acadeille”, díxolle ao home que subía.

- ¿Que fas aquí?, retrucoulle este nervioso.

- Soñar, atreveuse a confesar Bandallo.

- Vai para dentro, rapaz-.

Bandallo entrou e púxose a axexar a través do cristal o andén. Decatouse que estaba cheo de homes como o que falara con el.

Todos vestían da mesma maneira, pantalón e xerseí negro, zamarra de pana e correaxe de coiro cruzándolle o peito do que penduraban un pistolón á altura do cinto. Algúns levaban fusís e unha escarapela bordada en letras roaxs: U.H.P.

- ¿Que é o que pasa?, preguntoulle Bandallo virándose.

- ¿De onde vindes?, foi a resposta do home.

- De Pontevedra, aínda que non lle somos de alí; a maioría vimos da ribeira. Eu sonlle de Beluso, señor, preto de Bueu.

Caneiro achegárase temeroso ata el ó ver que falaba cun daqueles homes. Quería saber, facendo un xeroglífico de bolboreta coas mans diante da boca sen emitir ningún son, si eran soldados. -”Sí”, respondeulle Bandallo sen entender moi ben porqué. Explicareillo máis adiante, chegou a pensar, e virouse para deixar aboia-da no baleiro a pregunta, -”¿vostedes non son soldados, verdá...?”.

O home marchara cara o fondo, falando en voz alta, apurando unha situación que xa non tiña volta atrás.

- Rapaces, tedes que baixar do comboio, berraba, e poñervos en fileira diante do voso vagón. Tranquilos non vai pasar nada, sodes fillos do pobo como nós, estamos no mesmo bando.

Aquela frase desconcertou aínda máis a Bandallo que baixaba a escaleiriña coidando que si un dos bandos eran os soldados, ¿cal sería o outro?, e eles, ¿xa eran soldados?

O que tiña claro é que non lle gustaría estar no bando contrario ó daquel home.

A maioría dos pasaxeiros xa estaban no andén, repartidos en pequenos grupos, cada un deles diante do seu vagón.

Os homes fumaban case todos, algunha muller choraba e, o que chamou outra vez a atención de Bandallo, case ninguén falaba, non se oía ningunha conversa. -”E igual en todas partes, díxose, que fouco faladoiros somos os galegos”.

A estalactita, que por un intre conxelara a ollada de ferro daquel home cincento que subira ao trén polo vagón dos sonhos, rachou pola base, caeu e iniciouse unha longa viaxe polas veas sangrentas do monstro.

Bandallo movérase inqueda percurando a súa presenza, ficou sorprendido ó velo, ó lonxe, subido nun banco, de pé, dando ordes.

Prendera o cincento un xaroto e bafexou durante un intre interminable unha longuísima columna de fume. Logo mirou a brasa consumindo lentamente o papel que rodeaba o tabaco e comezou a besbellar unhas palabras que non nacían do feito horrible que anunciaban; senón que, pareceulle, sempre estiveran con el. Aquelas palabras eran o seu destino, o dos seus, do sindicato, do partido.- “Sempre as levei dentro”, animouse dándolle unha chupada interminable a cabicha. Logo tirouna e escoitouse a se mesmo fóra do tempo, nun mundo de seres pasmados polo movemento dunha roda dentada xigantesca que os ía esnaquizando, e ciscando as amorosas partes dos seus corpos nun horizonte de ceo vermello que pingaba sangue.

- Hoxe a República está en perigo. Esta mañá soubemos que unha parte do exército sublevouse contra o goberno democráticamente elixido polo pobo. Non temos dúbida que é un levantamento fascista contra o estado e os partidos democráticos, obreiros e forzas populares. Camaradas, os militares fascistas son o peor inimigo do pobo e...

Pero falaba tan baixo que moita da xente máis afastada non oía ren. - “¿Que di?, preguntaban algúns, -”non sei que da república e dos militares, o de sempre”, explicáballes un home ó que preguntaba mentres agachaba a carteira por dentro do pantalón.

- Silencio-, bramou agora coa mesma voz de tronco coa que conseguira, facía unhas horas, impoñerse no local do sindicato para tomar o cuartel dos gardas de asalto e facerse con armas.-

- A República neste momento necesita de todos para conter a ofensiva do monstro asasino que se nos ven enriba.

Bandallo sentiu un arrepío de noxo cando Caneiro fixo que perdera o fio das palabras do home para que lle prestara atención. Quería saber que dicía aquela figura grisalla vestida de negro.

- Nada, aclaroulle nervioso, son soldados-.

E perdeuse nas lembranzas de neboeiros en refachos que voaban entre mariñeiros atolados pola rabia, rachando o silencio na taberna da Viúva, preto do peirao, con palabras que el non entendía: folga, sindicato, revolución, república.

Mesmo estivera oíndo a un deputado diante da conserveira, enriba dun bocoi que sacaran da taberna, falándolles do prezo da sardiña, das escolas as que só ían os ricos, da fame e da miseria, que deso el sí sabía, e de morrer sen ter médico ningún para nos atender. E aínda riu a cachón cando aquel home espetoulles que:

- “As Cortes de Deputados de Madrid máis que cortes semellan cortellos”, e a xente aplaudía dando berros de viva á Fronte Popular; el no medio tamén dando vivas, sentindo que se lle pechaba a ferida que tódolos días lle abría o mestre aquel que mallaba neles:

- Calamidade, chamáballe, ¿a que andas cos do sindicato?, ¿e logo pensas que os comunistas hanche de dar de comer? Quitarancho todo, burricán.

Pero que lle podían quitar a el que nada tiña, cicais ese misterio formaba parte das cousas que o mestre non conseguía meterlle na cachola a pesar dos moitos zoscallos que lle daba.

Ademais, ¿por que tiña que insultalo todo o tempo?, que si calamidade, badulaque, burricán; e o que lle quedara a el como alcume, bandallo, que llo puxera o primeiro día que entrou na escola, ben me lembro. Estaba nun recuncho, coitado de min, sen saber que facer, cando me sinalou coa vara de vimbio e dixo moi clariño, con aquela maneira soberbia que tiña de falar: “a ver ti, bandallo, pasa por aquí; imos ver o que sabes”.

E a partir daquel día todo foi bandallo e vimbiazo. En tal cantidade as dúas cousas que aquel inverno, o primeiro de ir a escola, mudei dúas veces o pelexo do cu, e todos na vila comezaron a chamarme só Bandallo.

- ¿Ti que fas?, oes..., estouche preguntando que fas.

O rapas coxo de Seixo puxérase a carón de Bandallo e mirábao con cara de boi canso.

- Perdoa, estaba pensando noutras cousas, ¿que pasou?, ¿acabou de falar o home cncento?-.

- Eu marchou, ti fai o que queiras, pero para min que esto remata coa nosa viaxe a A Coruña.

Enxergou o banco baleiro e procurou por entre unha marea de puños a figura do home. Nono daba atopado, o andén converterase nun rebulicio.

Diante del, un grupo cantaba, co puño ergueito, algo sobre os pobres do mundo.

Outra xente baixara as maletas do tren e perdíanse na noite, entre as sombras abaneantes dos farois; algúns subiran ós vagóns e agardaban tranquilamente sentados que o tren reiniciase a marcha.

Mirou a Caneiro que estaba nun amplo círculo de xente que collidos das mans daban fortes aturuxos de ledicia mentres xiraban no que parecía un xogo infantil; chamoulle a atención que levase posta unha das zamarras ca escarapela de U.H.P. no peito.

- Dinlla eu.

Bandallo virouse e atopou ao Cincento pasando a lingua polo gume do papel que envolvía o tabaco.

- ¿Vostede é comunista, verdade, señor?

A Bandallo gustáballe moito aquel home, pero era incapaz de comprendelo.

O Cincento cuspiu unha febra de tabaco, votou man a cabeza e peiteou cos dedos un escaso pelo rgis que lle acaía sobre a fronte.

Ollaba por riba de Bandallo a alborada do novo día nunha liña roxa que emerxía detrás das montañas, alá ó lonxe.

- ¿Que estará pasando en Madrid?, murmurou para si sen deixar de mirar como o ceo tingüía de azul a negrura da noite xa morta.

Eu vou pelexar pola túa dignidade, e seguramente deixarei a vida nilo. ¿Ti estás disposto a ser un soldado da república? Pero que digo soldado, -bramou o Cincento levantando a voz-, un poeta da república, rapaz, ¿nono sentes? Non sentes a sangue fervendo polas congostras da terra, non oes o bramido do mar, a vaga de liberdade que se pon en marcha e vai anegar o mundo, neno, o mundo enteiro.

O paso que hoxe damos aquí vai chegar ata América; esta é a faísca dunha loita planetaria”.

Afastouse de Bandallo e foi camiñando por entre a multitude que o escoitaba abraiaada. Mesmo lle recordou a un misioneiro que había anos viñera dar un sermón a súa vila e fixérao así, camiñando entre a xente, fóra da igrexa, facéndolles preguntas e contestándoo el mesmo. Aquel home, coidou Bandallo, era un crego doutra relixión.

¡Claro!, como fun tan parvo, agora entendíao, era o de sempre, había que crer. Alumeáronlle os ollos cunhas ferintes baboas de ledicia e foi correndo detrás do cincento ata acadalo.

- Señor, xa o entendo, xa o entendo.

O home virouse, púxolle as mans enriba dos ombros e apertouno con forza. -”Sabíao, rapas, sabíao; o soño que me dixeches que tiñas cando subín ó tren era este, comprendes, este. Eu tiven medo, dúbidas ata atoparte no vagón, e cando contestaches a miña pregunta dicindo que estabas soñando, entón souben que xuntos íamos afundi-lo aceiro”-.

A mañá, dunha limpeza oceánica, chegara de todo e destapou o cansazo nunhas caras rotas pola angustia dunha noite con sabor a varolo reseso de derrotas acumuladas.

Os rapaces todos, vestidos xa cas chambras negras, armados de correaxes e pistolas subiran de novo ao ferrocarril que xa tiña a máquina acesa. O cincento achegárase para se despedir deles, recibírono asomando as cabezas polas ventaiñas berrando coa forza do vento que deita o centeo nas eiras, - “U-H-P”, repetidas veces.

Púxose a carón de Bandallo, tendéronse as mans para estar amarrados polas extremidades do sentimento, e díxolle coa voz máis doce que se pode escoitar nesta vida:

- Lembra, rapas, agora sodes fillos do pobo e soldados da República. Cando chegedes a A Coruña incorporádevos no exército popular revolucionario. Volverémonos ver nalgunha trincheira de calquera sitio. Os tempos son chegados. Saúde e República”-.

E o tren, arriando os freos, iniciou a marcha.

Bandallo ollou desde a ventanilla por última vez o andén no que, unha noite de verán, cambiáralle a vida para sempre.

A figura do rapaz coxo de Seixo, sentado só nun banco, facíalle o aceno de despedida máis triste que se puidera mercar na lonxa da saudade.

Un silencio de ronquidos novos viaxaba agora con eles. Soamente Caneiro mantiña o bulebulle da estación. Sentárase onda el e, sen parar de move-las mans, explicáballe que agora eran soldados. Poñíase de pé, levantaba o fusil nunha man e o puño pechado na outra; mentres, votaba un daqueles chíos inaturables de porco castrado e petábase ca man na escarapela dourada cas letras bordadas en roxo, “UHP”. El teimou que nin sequera sabía o que significaban aquelas letras. Un lóstrego de medo recorreulle o espiñazo.

Bandallo ergueuse, achegouse a Caneiro e apertouno coa forza do polbo na raña. Unhas grosas bagoas esvarábanlle polas meixelas e pensou que lle gustaba máis o soño dos indios asaltando o comboio, montados nos cabaliños do carrusel das festas de San Martiño, na súa vila, cando o vento do norte fende o peito ata esmagalo contra o lombo.

A estación de Santiago estaba tomada polos mineiros de Lousame. Unha enorme bandeira roxa penduraba dunha viga enriba das vías e moreas de carteis con lemas sobre a unidade popular e a loita contra o fascismo cubrían as paredes. Levantaban barricadas e había homes deitados no chan apuntando ó ceo cos seus fusís.

Recibíronos con ulos de ledicia, puños ergueitos e aplausos. Cando parou a máquina, fixéronos baixar para que comesen nunha mesa rodeados de homes barbados co corpo cuberto por cartuchos de dinamita.

As noticias eran confusas, Bandallo quería saber que acontecera en Pontevedra, pero nin sequera lle daban razón do que pasaba alí mesmo, en Santiago. - “Rapaz, si tes dóbidas, dispara ti primeiro”- espichoulle un dinamiteiro mentres se metía enteiro un ovo cocido na boca. - “Agora, dígoche unha cousa, eu ós fascistas venteos como o raposo á galiña; en canto teña un diante, madialeva, méto-lle un supositorios destes por onde é de recibo”. Falaba abrindo moito a boca chea de ovo e sinalando ao mesmo tempo a dinamita.

Sentouse Bandallo a fumar o último cigarro da súa vida co fusil metido entre as pernas. Albiscaba ós seus compañeiros participando no balbordo da organización dos homes que ían chegando para se incorporar ás forzas revolucionarias. Un grupiño disparaba contra as vías mortas para practicar no tiro. Tremeu por Caneiro que non escoitaría os disparos, percorouno coa mirada e deu con el subido na parte dianteira da locomotora. Andaban a poñer, el e outros homes, unha bandeira republicana na defensa con forma de grella que lle daba aquela fasquia de animal coa dentamía aberta.

Tivo sentimentos encontrados, por unha banda quería chegar a A Coruña canto antes, que lle desen o papel de inutilidade, e volver correndo para Beluso. Empezaba a sentir no corpo un arrepío estraño de sambesugas a comelo por dentro.

Por outra, sentía o alento do cincento na caluga e a calor daqueles homes que, sen coñecelo, tratábano coma un irmán.

Pisou o cigarro cando o comboio empezou a votar fume. Despídeuse dos mineiros dunha maneira sombría, desta vez nin sequera se asomou cando comezaron a rodar polo camiño de ferro.

Unha tardiña morna cubría uns prados moito máis verdes e chans que os da súa terra, ou esto foi o que lle pareceu.

Pasou o resto da viaxe sen falar, mirando o mundo através do vidro. Os rapaces cantaban cancións revolucionarias recién aprendidas e Caneiro ensaiaba pasos marciais no corredor, entre os bancos.

Cando diminuíron a marcha, arfou, -"por fin, A Coruña"-; e, sen que ninguén o vira, abriu a ventaíña e tirou o fusil contra as rodas do vagón.

O ferrocarril entrou debagar na estación. Un silencio de mármore esmagaba os rúidos somnolentos da máquina ó votar os freos. O chifro anguriento do vapor ó saír da cheminea lembroulle a Bandallo a chamada afónica da conserveira anunciando que había peixe no alpendre.

O asubío fabril poñía en marcha cara a praia -pensou, polos camiños escuros da invernia, como formigas no carreiro-, ás mulleres de Meáns e da Canceliña, do Outeiro e da Remorta; todas elas envoltas en mantóns de lá, votando pregarias e maldicións a eito, por ter que deixar o colo do soño, preguiceiro de caricias e aloumiños, coa condena do cheiro da maga do peixe como única compañía.

Ollou, reflectida no cristal da ventaíña dun tren fantasma que entraba na estación de ningures, a figura da súa nai vestíndose para acudir aquela chamada.

Acrequenada para atar os zocos, anudándose o pano, envolvéndose no manto, recollendo a roupa ciscada polo chan, saíndo da casa, batendo a porta ó pechala. A soidade da casa sen a presenza da nai era como cruzar un deserto infindo.

Sintiu Bandallo o fogaño da rabia, a padeada que fende a dureza líquida do xeo, o coitelo que entra polo espazo intercostal do desconsolo. E recitou as palabras que non lembraba oír cando as escoitou. Fora o cincento, co tren en marcha, o que llas dixera. El estaba albiscando a man do rapaz coxo decíndolle un adeus que lle sabía a terra húmida de treboada no verán, cando lle chegaron voando por entre o aire da despedida, ténues como o vogar dos remos nos neboeiros mestos de cabo Udra.

- "Non habrá lus no amencer do noso pobo"-.

Ficou cravado no asento, coa meixela apoiada no reflexo esmorecente da nai no vidro, e pronunciounas en voz alta para podelas oír, agora si, coa certeza dunha voz que falaba para alguén, aínda que fora para el mesmo.

- "Non habrá lus no amencer do noso pobo"-.

Detívose en seco o tren, e o alento da serpente bafexou un incerto ámbito de desastre, virando a tardiña en desgarróns violetas que cubriron o ceo.

Cruzou a mirada coa de Caneiro que estaba na extrema do vagón. Un calafío de horror viaxoulle polas pernas, rabuñoulle as costas e argallou un remuíño de marusía no pelo. Abriu a boca, movendo só os beizos e intentou describir a xeografía do horror cos ollos.

- Ti, sobre todo, non te movas, dicíalle ao seu amigo sinalando a explanada da estación.

Tres compañías de soldados ocupaban a plataforma. Divididas en grupos apuntaban cara eles co fusil no ombro. Diante de cada grupo, un militar con pistola e sabre nas mans agardaba o berro da orde, o golpe da bota no chan, a caída da pinga que esvaraba lentamente pola tempa.

Bandallo moveuse coa rapidez da londra para evitar que Caneiro chimpase do vagón ó exterior pola porta que acababa de abrir. Quedouse co aire da ausencia entre os dedos, paralizado no marco, ollando alancar a Caneiro polo enlousado dos sonhos.

A pinga describiu un perfecto recorrido pola quixada do militar e caeu, dende o queixo, ata a bota brillante de charol. O berro fíxose estoupido e a sabra branca do medo escenificou na cara de Bandallo o aceno do coro trágico.

- ¡Arriba España!, deténgase y tire ese fusil.

Caneiro ergueu o fusil por riba da cabeza, sinalou as letras bordadas no peiro e seguiu avanzando mentres votaba un chíó de mascota perdido no medio dun pesadelo.

¡Arriba España!, bramou o militar, “deténgase o disparo”, e apuntou coa pistola a escarapela de letras bordadas en roxo sobre fondo dourado.

- “¡Caneiro!”, chamouno Bandallo, sabendo que era igual que petar contra o vento, que chamar a unha anduriña que voa sen descanso cara o sul.

O berro de Bandallo e a bala do militar atopáronse nese punto do corpo de Caneiro onde a vida marca un perfecto ritmo de momentos ata que deixa de latir.

O sangue rebordaba polo buraco aberto anegando a chombra, tinguindo o negro de escuro marrón outonizo.

Cando Bandallo chimpou ao andén para recoller o corpo en caída de Caneiro o militar fixo co sabre o mesmo movemento que se fai coa fouciña na seitura da herba.

- ¡Fuego!, escoitou, maravillado polos reflexos do metal, antes de que comezase a arderlle o peito, a sentir un terremoto de agonía que lle destrizou os intestinos.

E aínda tivo tempode sentir, dende o chan, que a vida remataba no enlousado dun soño perdido cunha visión: a dun neno que lle sorría montando nun cabaño do tiovivo nas festas do San Martiño, na súa vila.



Xoán Xosé García López

XOÁN XOSÉ GARCÍA (Ferrol, 1970) é Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e Doutorando na Universidade Autónoma de Madrid.

Resultou gañador no VII Certame Galego de Ensaio (1999) e no VIII Certame de Poesía “Francisco Fdez. del Riego” para Autores Novos (2000), ámbolos dous instituídos pola Xunta de Galicia. Tamén foi galardoado no I Certame de Poesía “Trevinca” do Concello de A Veiga (2002); IV Certame de Contos “Cultura Quente” do Concello de Caldas de Reis (2002); XVI Concurso de Poesía “Rosalía de Castro” de Cornellà –Barcelona- (2002); XI Premio de Poesía “Espirai Maior” (2002) e II Certame de Poesía “Afonso Eanes” (2003).

Está durmida.

Repousa na cadeira de brazos colocada na súa esquina de sempre: na solaina.

(Cando eu só era unha nena, o seu oco servíame de refuxio ou de escenario -segundo fose o meu talante, o meu humor- só con que abrira ou cerrara as dúas pesadas cortinas que poden illala do comedor. Estas mesmas cortinas que agora están recollidas por dúas bandas de tea con flocos enganchadas nas manivelas metálicas que foron douradas, e que poderían volver selo unicamente con alguén -eu, ¿quen se non?- se decidira a limpalas. ¿E para que?)

Está durmida. Como sempre, mesmo a estas horas. Son as menciñas, que a adormentan. E, como sempre, penso que non vai despertar.

(Din que están á procura dun remedio para o cancro, algo que o cure. Dino, e eu sei que o buscan. Pero tamén sei que non todo o que busca encontra. Como sei que tampouco a todo o que chama se lle abre, nin a todo o que pide se lle atende).

Separada dela pola mesa, sentindo a calor do braseiro, ó que rematei por adaptarme -como me afixen a todo, indiferentemente-, aínda que ó principio non o puidera soportar: a salvo, resgardada polos muros impenetrables das súas pálpebras, podo mirala sen que se dea conta de que o fago.

Podo mirala sen que adiviñe -a súa sensibilidade acentuouse ata case a histeria nos últimos meses- que a axexo, que agardo o final, ese final que non chega. Podo espiala sen que me pregunte con destempero qué lle miro, por qué a miro...

Así, a salvo, digo..., míroa. Sen présas, ata o cansazo. Coñézoa de memoria, de tanto mirala, cada unha das súas engurras, esa cor cerúlea da súa pel. Sei, unha por unha, as febras negras que lle quedan ó seu cabelo, case totalmente branco xa. A boca afundida e sen dentes, os labios sen cor. O modo de respirar, entrecortado, arfante. O peito estreito, sen relevo, que por veces semella deixar de latir baixo a descolorida tea dun vestido anticuado, pechado severamente -totalmente- nos pulsos e na gorxa, sen deixar á vista máis cás mans -tan esbrancuxadas como a cara- e maila cabeza. Sei que é ela; pero non vexo que a é.

Non experimentou ningún cambio entre onte e hoxe. E a mesma hoxe, martes, cá onte e có domingo. Pero non é a que era a semana pasada, menos aínda cá de hai un mes. E se comparo a súa aparencia de agora coa que tiña hai un ano, cando me fixo regresar -aquele telegrama, como unha orde-, dáme a impresión de que non son doce meses, senón doce séculos, os que desde entón pasaron por ela.

E por min.

Pecho o libro, deixando un dedo entre as súas follas. Observo, distraída, a cuberta. Unha rapaza coidadosamente debuxada. Atractiva, o cabelo curto; a

expresión, desdeñosa. Os labios, violentamente vermellos; un xersei branco cindollle os peitos, marcándollos. Tras dela asoma a cara dun home que parece perplexo. Quizais é só porque lle puxeron un ollo máis grande có outro. Leo o título -"Sonata de amor"- e preguntome de qué tratará.

Non quero dicir exactamente iso. Sei de sobra que todas esas novelas son iguais, pero non teño nin idea de cáles son os camiños por onde nesta obrigan os protagonistas a desembocar no esixido final feliz. A pesar de que -doume conta ó poñer un sinal onde puxen o dedo, onde interrompín a lectura- levo o libro máis ca mediado. Porque non leo. Devoro calquera novela para poder, á vez que o fago, pensar sen que ninguén -ela- advirta que o estou a facer. Pensar: atormentarme. Para poder escapar lonxe e imaxinar que son libre de novo, e agora por completo e para sempre. Afúndome nestes libros do mesmo xeito en que ela se abstrae no vidro da súa solaina, asomada a ela como á pantalla dun televisor ou dun cine: para mira-la vida, que pasa, sen que ela, desde a súa cadeira de brazos, poida intervir para modifica-lo guión, o seu final; nin sequera o decorado no que a función ten lugar: esa praza, á que dan as nosas fiestras.

Semella a praza dunha vila, pero é só a dun barrio periférico. Circular. Grande. Descoidada. Sucia. Plantaron un xardín cando construíron a barriada -un conxunto de bloques uniformes, todos iguais por dentro e por fóra; e mesmo a xente que vive neles parece uniformada, que saen e entran ás mesmas horas e ós mesmos sitios e ás mesmas cousas; e rin igual, cando rin-, puxeron uns bancos. Do xardín non queda nada. A xente -non só os nenos- foino asolando ós poucos, implacablemente, sen piedade, desde o primeiro día. Era como se as flores, as plantas, o seu olor, lles molestasen. E agora, onde as houbo só hai terra -inútil, de ninguén- e papeis que o vento move sen levalos, e pegadas de cans e de nenos. Os bancos seguen aí. Por riba deles pasou o tempo e a chuvia -a chuvia pasou tamén polas fachadas das casas, destinxíndoas-, e a suciedade. Non, a suciedade non pasa. Fica neles, vainos escurecendo; como se quedan ata que o sol marcha -ata agora mesmo estiveron- os velliños do barrio.

Gústame mirarna praza cando é noite. Cando o efecto das menciñas pasou e aínda non é tempo de darlle a seguinte dose, inda que a pida. Mira-la praza, sen velliños, sen enos, sen que ninguén a cruce; sen o vento que axite os papeis. Sen rúidos, a penas sen luz, porque os farois -uns brazos atormentados, aparafusados ás fachadas- están absurdamente afastados do centro, do que quixo ser axrdín e acabou en páramo.

Véxoa desde detrás deste cristal, o seu. Desde onde agora estou eu. Pero agora non miro -como ela o faría de non durmir- a praza. Mírome a min mesma. O meu reflexo. A sombra difusa dunha cara, coma se eu fose aínda un ser en formación, cando son todo o contrario. Estoume consumindo, como din que ela se consome. Mais é ela quen está doente, non eu. Ela é vella e viviu; foi amada, casou, tivo fillos... e eu son nova aínda e estou baleira. Ninguén me amou, a ninguén ameí; ningún fillo golpeou a porta do meu ventre esixindo que lle abrise camiño cara á vida. E se engado aínda cando digo -ou penso- que son nova é porque sei que en realidade non o son. E dígame a min mesma que cando isto remate -se é que remata algunha vez- terei que vivir ás présas se quero aproveita-los poucos anos de relativa xuventude que me queden logo.

Búscome no espello do vidro. Non quero verme no outro, no do baño.

Seime de memoria, tamén, o meu cabelo, liso e cortado pola miña man, caído a ámbolos lados da cara. Como o dunha monxa ou o dunha meiga condenada á fogueira. Coñezo de memoria a miña cara pálida -case o está tanto como a dela-, os meus labios, infinitamente descoloridos. As miñas faluzas afundidas...

Volvo á miña cadeira, déixome caer nela cun suspiro. Cánsame estar de pé. As veces penso que, de andar tan pouco, as pernas están a atrofiarseme.

(Saio pola mañá cedo. Como fuxindo do sol, da xente. Un intre, uns minutos: o preciso e nada máis. A panadería, ó mercado, á tenda... Sempre apresada. Deslizándome como unha sombra, cunha ansia infinita de volver ó piso, ó meu cubil... E subo, e entro, e búscoa... cunha esperanza desolada, ferinte, que me avergoña, que me enche de remorsos, pero que non podo deixax de sentir. A esperanza de que calquera día, cando volva -neses minutos nos cales estou fóra podería acontecer, e todo sería así máis doado-, ela, miña nai, estea morta. E quedo todo o día aquí, nesta casa antiga -a partir dela construíron a nova barriada, que foi moito tempo como fin da cidade, e do outro lado da solaina só había campo-, cercada polas paredes e acosada polos mobles, cunha rabia xorda por recoñecerme encadeada a ese vulto que aínda respira...

As veces penso -pénsoo aínda que sei que non é verdade- que non está tan enferma como me quere facer crer. Que finxe para poder terme ó seu carón, ó pé da súa cadeira de brazos como un can; para obrigarme a permanecer aquí, como me obrigou a regresar, apoiándose na súa doenza, cando eu xa tiña a miña vida feita lonxe de aquí e dela, libre e independente. Unha carta de cando en vez -podes conta-lo que che apeteza e cala-lo resto, porque ningún verá os teus ollos mentres a le, e ningún saberá, ó non velos, se es feliz ou sofres, se mentes ou eres sincera-, unha parte do soldo xirada mensualmente para axudala a vivir... Rexeitando, aínda que ela non o soubese, calquera posibilidade de traslado, de regresar onda ela, unha vez queouben o que era abri-las ás e me decidín a voal... Sen querer pararme a pensar que estaba soa, pretendendo xustifica-lo meu egoísmo perante min mesma, asegurándome que estaba forte, que podía valerse por si mesma e sen axuda; que aínda podería, durante anos...

E de súpeto aquel telegrama).

Hai agora un silencio tremebundo que parece poboado de berros mudos. Un solencio espeso, estraño, desacougante..., distinto. ¿Será...? ¿Será xa...?

Teño medo de mirala, de saber... Volvo a cabeza de vagar cara onde ela está, ou estaba; érgoa paseniño, sentindo as vértebras do pescozo endurecidas, tirantes, coma se fosen romper ou quixeran impedirme que o fixese...

Moi a modo, os meus ollos atrévense a fixar nela a mirada...

E baten cos seus, abertos, cravados en min. E vén a súa voz áspera, irritada, que me golpea:

- ¿Que miras?

Virome de costas para que non vexa cómo os ollos se me enchén de bágoas. Gracias, Señor.



Manuel Rodríguez López
Filho predilecto de Paradela

Biografía

MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ, poeta, cronista e traductor, naceu en Randulfe, San Miguel de Paradela (Lugo) o 11 de decembro de 1934. Residiu na emigración en Barcelona dende os seis anos ata 1987, data na que se afincou definitivamente na cidade de Lugo, onde faleceu o 13 de febreiro de 1990.

Fixo estudos de Humanidades e Filosofía no Seminario Diocesano de Barcelona, e de Contabilidade e Lexislación Laboral. Traballou como xefe administrativo do departamento de personal nunha industria siderometalúrxica.

O longo da súa vida demostrou unha gran preocupación pola cultura e por Galicia, tanto na súa longa emigración en terras catalanas, onde chegou a ser cronista de tódolos actos referidos a Galicia celebrados en Catalunya, coma unha vez establecido en Lugo.

Froito das súas actividades literarias, publicou diversos libros, permanecendo parte da súa obra inédita. En verso publicou: "POEMAS POPULARES GALEGOS" (1968), "SAUDADE NO BULLEIRO" (1970), "SOLDADA MINIMA" (1979), "ONTE E HOXE VIVENCIAL" (1995) e "A ATLANTIDA" (1995), traducción ó galego do grande poema épico catalán de Jacint Verdaguer. En prosa: "REENCONTRO COA ALDEA" (1983), "GALEGOS EN CATALUNYA 1978-1982" (1983), "GALEGOS EN CATALUNYA-2" (1985), "VIAXES CON ANXEL FOLE" (1988), "FESTA DA VIRXE DAS DORES DE PARADELA 1989" (1989), libro-programa das festas e "VOLTA A ESPAÑA A PE" (1990), traducción ó galego do libro de Manolo Silva.

Ademais, colaborou en diversos libros colectivos, entre os que se atopan "HOMAXE O CHE" (1970), "A NOSA TERRA" (de "Libro de Oro", no centenario de Ramón Cabanillas) (1976), "HOMENAXE MULTINACIONAL A CASTELAO" (1976), "GALICIA NO ANO 1979" (1979), "JOSE M^a ACUÑA" (1983), "OS ESCRITORES LUCENSES ARREDOR DE FOLE" (1986), "VOCES POETICAS" (1987), "PARADELA Y SU CONCELLO" (1990) e "ALIAD-ULTREIA. POESIA. PINTURA" (1993).

Entre a bibliografía sobre Manuel Rodríguez López inclúense obras como "Gran Enciclopedia Gallega" (ver tamén o apéndice I), "Medio cento de galegos e Rosalía" (1983), "88 gallegos: una tierra a traves de sus gentes" (1983), "De Pondal a Novoneyra" (1984), "Diccionario de escritores en lingua galega" (1990), "Un paso de poesía. Poesía Galega 1961-1975" (libro e vídeo, 1993) "Diccionario da literatura galega. I. Autores" (1995),

Fillo predilecto de Paradela

“Diccionario de Fole” (1997), “Alén do azul. Unha ducia de poetas galegos en Catalunya” (1999) e “Vida e obra de Manuel Rodríguez López” (2000).

Acadou numerosos premios, entre os que destacan os primeiros premios de poesía Meigas e Trasgos de Sarria nos anos 1976 e 1980 cos poemas “TI ES ETERNO” e “NEOPLASIA”, respectivamente; o Premio Xosé M^a Chao Ledo no III Certame Literario de Vilalba, en 1977, con “A EMIGRANTE” e o primeiro premio do Certame Literario de Begonte en 1985 coa obra “NOITE DE NADAL”.

En prosa, coa peza teatral “VIVIMOS UNHA LONGA TRAXEDIA”, conseguiu o primeiro premio Nós de Barcelona en 1980. En Sarria, mereceron o premio Meigas e Trasgos os seus contos “A MEIGUIÑAMEIGA E OS TRASGOS” (1977) e “QUEN ME DERA ATOPARME CO TRASGO” (1986) e, en Baracaldo, “BAIXA VOLUNTARIA” (1978). Nos Premios Galicia de Xornalismo, quedou finalista na sección de Reportaxe, nas convocatorias de 1985 e 1987.

Manuel Rodríguez López colaborou asiduamente en medios informativos de Galicia, Catalunya e Arxentina. Publicou gran cantidade de artigos en diversos xornais e revistas de Buenos Aires; en Coordinadas e Dorna; no Boletín, en Treboada e Alborada do Centro Galego de Barcelona, do cal foi Cronista Oficial. Foi corresponsal de Faro de Vigo e de El Ideal Gallego na Cidade Condal, onde firmaba como MANUEL-ORESTE R. L., e habitual colaborador de El Progreso de Lugo, La Voz de Galicia e Praza Maior (voceiro do Concello de Lugo). Ademais, colaborou en temas de historia lucense, monumentalidade e viaxes en Radio Nacional de España en A Coruña e Radio Popular de Lugo.

Suso Vaamonde, Xerardo Moscoso, Alfredo González e M^a Carmen Otero musicaron e cantan varios dos seus poemas en numerosos recitais.

Co gallo do seu pasamento, foi nomeado “Fillo Predilecto do Concello de Paradela” e “Lucense del año 1989”. En 1990 inaugurouse a Casa de Cultura de Paradela “Manuel Rodríguez López” e, no ano 2001, o novo “Centro Socio-Cultural Manuel Rodríguez López” tamén na capitalidade do Concello que viu nacer ó poeta paradelense. Dende 1995, vense celebrando cada ano o Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López, organizado polo Excmo. Concello de Paradela.

Reencontro coa aldea

Ás tres da mañán chegaba a Sarria o “Shangai”, acaído alcume popular do “Expreso”, sempre cheo astra os cúmios, que recordaba greas de moitedumes a furrigar na cidade oriental. Unha brétema pecha xurdía do río da vila luguesa e non deixaba albiscar cousa ó lonxe. Os viaxeiros que chegaban ó termo, cal se compañeiros de viaxe que non voltarían a ver e os familiares, no andén, cos brazos en alto, abonaban as maletas e petates que lles botaban polo ventano.

O Xan non anunciara a súa chegada e encamiñouse soio á taberna do Loio, orixe do “Línea” que, tres horas máis tarde, levaríao á súa aldea.

Unha muller que -decatárase calquera- acababa de coutar do leite, estaba arranzando o local.

- ¿! el pódeme preparar un café con leite?

- Nun santiamén, contestou ela cun deixo cantareiro e doce ós ouvidos do desconhecido viaxeiro.

Sentouse, agardando a se desaxunar, con máis sono que un mestre de escola á hora da sesta no vran. O río, as albres, as casas, todo canto había fora da taberna fuxía diante dos seus ollos, afeitos á lizgaira sucesión de paisaxes tras longas horas de tren. A taberneira desfaciase en preguntas. ¿De dónde viña? ¿Cánto tempo facía que non voltara a Galicia? ¿De cal casa era? ¿Curmán do Sidro? Ela coñecía e faloulle da Maruxa, dos cativos, de cando ían a Sarria á feira e paraban na súa casa, da señora Gumersinda que morrera facía tres anos...

-Moito me ten falado o Sidro do seu curmán e mira por onde... Pouco matínaba eu que eras o Xan mentado tantas veces eiquí!

Inda fallaba unha hora longa prá saída do “línea” e xa chegaban candidatos a pasaxeiros: Un becerreiro que uliscaba o choio. Unha muller cun mego ateigado de ovos. Un home con aguillada que, de certo, ía mercar unha vaca...

Era o Quince, feira en Paradela. Xan non o sabía. Dende pequeno vivira lonxe da súa terra. Só recordaba anécdotas. Como unha película pasaban pola súa memoria o mestre na escola, unha cobra tripada nunha corga, a Virxe das Dores en andias o día da festa, unha tarde á percura de niños con outros cativos, longas horas espreitando o que facían os paxariños, os sapos, unha topia...

De cativo revíase moito mirando o que facían os bichos: Un día andaba cogando e viu dous sapos, un dacabalo doutro. ¿Qué estarán facendo? -pensaba il- ¿Estaránse namorando? Non era tal.

Coa vara que tiña pra tornar as vacas, afastounos. O pouco estaban na mesma: O grande, en vez de fuxir, achegábase ó pequeno que montaba outravolta níl, apreixoándoo coas pernas dianteiras. O Xan recordaba que se lle ocorrira pechalos nun caseto de pedras e palla e ós tres días fora a velos coidando que estarían mortos, pero seguían tal coal. Soparábaos e volvían á mesma. Mais o quinto día todo foi abrir o casoupallo e o sapo pequeno fuxir decontado. O grande morrera.

O Xan, dende aquela, ou servaba con degoro os sapos pequenos dacabalo

Fillo predilecto de Paradela

dos vellos, decatándose que entre íles tamén hai xefes e pións que obedecen ordes. Os xefes son cativos, estortallados e noxentos. As vítimas, como era costume antiga, morrían sen laiarse. Tódolos anos, cando chegaba febreiro, espreitaba os ponzoñosos xinetes e aledábase daquelas mortes. A súa aboa tiñalle dito que, cando os rapaces lles tiran con pedras, íles cíchanos á cara ou ás pernas, de modo e de maneira que, se lles atinan, saíles coxo. É do mexo dos sapos vellos.

Íase enchendo o coche. O Xan, sentado a carón da porta de entrada da taberna, canso de tan longo viaxe, seguía tecendo lembranzas da nenez:

Unha noite ouvira castañas debaixo da cama e, coidando que era o demo, acochouse cheo de grima, sen rebulir deica o día, mollando o leito todo coas sudes. A mai ía nun pobo veciño cabo dunha irmán recén parida e o pai, que pola noite andivera regando nos prados, en chegando ó romper do día, preguntoulle:

- ¿Ti mexaches na cama?

- Non mexei, non, contestara íl sen máis espricacións.

Logo, aquela mesma mañán esgazara na carballeira do crego unha canipa retorta e unha vez ben labrada, espetáralle un anaco de cana dun paraguas vello. Cunha chatola craváralle unha liga e o gatillo semellaba de fábrica. Cántas horas de traballo! Nen siquer tivera tempo pra comer! Pero o revólvere era xa un feito. A pólvora déralla o Paco do tío Euxenio, tras o acordo de lle atender a facenda... Con éxito, experimentárao cargado con cachos de pote e estourara forte.

- Ista noite, cavilaba, como volva o demo heino matar.

Serían as once cando se deitara. Metérase no leito, que estaba tal como o deixara o día de antes e, xusto dalí un pouquiño, ouvira as castañas. E abranguendo o revólvere, cheo de carraxe, choutara do leito en percuro do malino. Apalpa deiquí, apalpa dalí, batera coa galiña...

Íl ouvíralle falar ó señor Xosé María que o díaño transfigúrase amiúdo nunha pita e, arrouzado coa contundencia do revólvere, botoulle as mans -unha á cabeza, outra ás azas- empregando canta forza tiña astra arrincarlle o pescozo. E todo ás escuras porque, daquela, alumábanse con candiles de gas e os mistos derramáraos pra cargar a pistola.

Morto o demo, volvera ó leito sen poder durmir cousa durante horas; pois según decían os vellos, o demo resucita. Pero, domeado polo sono, tras dúas noites sen pegar ollo, á mañán sorneaba como un leirón. E era día grande cando ouviu ó pai:

- ¿Quén matou a pita, Xaniño?

- Fun eu. Estaba tocando castañas debaixo da cama e coidei que era o demo.

Íl botouse a rir.

- Boeno, home, boeno. Agora veremos cando comerás máis ovos!

A emigrante

Onte chegaches pra pedir traballo
á gran cidade; que deixaches, dona,
os cativiños i o marido lonxe
nunha casoupa.

No asfalto e no rebumbio mergullada,
ninguén enxoita as bágoas que te escoan,
ninguén cavila na tristura infinda
que te aferrolla.

A tua ialma esnaquizada zuga
o fel acedo do emigrante sino
i a todas horas, soia en terra allea,
soñas cos fillos.

Il non tén saúde; que a perdéu moi novo
tronzando toros, removendo pedras,
rozando toxos e cavando a bouza
na probe aldea.

Somentes quedan os teus brazos rexos
pra erguer a casa asulagada en tebras;
coitados nenos, de farrapos cheus...
cómo langrean!

II

Da noite roubas horas de descanso
e fas roupiña prós meniños teus;
comes codelos pra aforrar os cartos
do longo mes.

Non eres ti soia! Se somentes ti
o fel beberas da inxusticia moura,
que abura un pobo, que atenaza a raza,
que nos esfola...

Fillo predilecto de Paradela

Donas e mozas a milleiros fuxen
a terra estrana, percurando o pan;
que as leis non valen pra sandar as chagas
do probe lar.

Fica ermo o pobo. Soio quedan vellos,
homes eivados, silvas, corgas, nenos...
Galicia é fonte que somentes deita
prantos tristesiros.

III

Non canto á dona que no pazo folga.
Non loubo, NON, á enseñoreada lurpia
nen á burguesa que esqueceu a lingoa
i a caste súa.

O meu poema, mesturado en sangue,
alauda á probe i á emigrante cansa
do vieiro longo, do camiño choído,
desfeita en bágoas.

Eu canto á dona que en lonxanos eidos
soña os seus nenos!

Eu canto á moza que en cidade allea
soña coa aldea!

Eu canto á aboa que acanea a filla
da súa filla!

Manuel Rodríguez López
Do libro "SOLDADA MÍNIMA"
(Edicións Do Castro, 1979)



CONCELLO DE PARADELA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

